

Desde a Asociación de Desenvolvemento Local Deloa, estamos a traballar na elaboración da estratexia que regulará, entre outras, os proxectos financiados no período 2023-2027 no noso ámbito territorial de actuación (concellos de Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Boiro, Rianxo, Dodro, Padrón, Rois, Outes, Lousame, Porto do Son, Noia e Muros).

Para a elaboración desta estratexia, estamos a poñer en marcha un PROCESO PARTICIPATIVO. Como parte deste proceso, temos publicada na páxina web de Deloa <https://www.deloa.es/estratexia-desenvolvemento/>, unha enquisa online, co obxectivo de definir e identificar as bases desta estratexia.

Convidámosvos a cumprimentalo e agradecemos difusión a través das vosas webs e redes sociais.

Aproveitamos para informaros, que outra parte do proceso participativo é a posta en marcha de oito **CONSULTORIOS PARTICIPATIVOS**, que se levarán a cabo nos seguintes lugares e datas:

1. **CONSULTORIO GOBERNANZA/TERRITORIO:** Mércores, 16 de novembro. Salón de Plenos do Concello de Muros (Curro da Praza, 1, 15250 Muros). 12:00 – 14:00 h.
2. **CONSULTORIO ECONOMÍA:** Xoves, 17 de novembro. Edificio Multiusos de NOIA (Antigo matadoiro- Rúa Espírito Santo, 4 15200 Noia). 18:00- 20:00 h.
3. **CONSULTORIO DIXITALIZACIÓN:** Venres, 18 de novembro. Sede Fundación Paideia Galiza (Lg. da Escravitude s/n 15980 Padrón). 11:30- 13:30 h.
4. **CONSULTORIO ACCIÓN SOCIAL:** Luns, 21 de novembro. Local Golfiño (Lugar do Touro, 1, baixo, 15960 Ribeira). 18.00 – 20:00 h.
5. **CONSULTORIO TURISMO:** Martes, 22 de novembro. (Pendente de definir hora e lugar).
6. **CONSULTORIO MEDIOAMBIENTAL:** Mércores, 23 de novembro. Centro Náutico do Freixo. (Ribeira do Freixo, 1, 15288 O Freixo, Outes). 11:00 – 13:00 h.
7. **CONSULTORIO AGROGANDEIRO/FORESTAL:** Mércores, 23 de novembro. Casa Forestal de Baroña (Vilar, 35 15979 Porto do Son). 19:00- 21:00 h.
8. **CONSULTORIO CULTURA:** Luns, 28 de novembro. Centro Social de Boiro (Rúa Manuel María, 1, 15930, Boiro). 19:00- 21:00 h.

Os consultorios están abertos a tódalas persoas e entidades que desexen participar. Habería que inscribirse no enlace deloa.es/consultorios-participativos. Polo que se estades interesados/as en participar en algún, agradecemos que vos inscribades.

Se precisades máis información, podedes poñervos en contacto con nós, a través desta dirección de mail ou no teléfono 981 817 000.